



**BISPADO
DE MONDOÑEDO-FERROL**

**PALABRAS DE ANTONIO RODRÍGUEZ BASANTA, ADMINISTRADOR DIOCESANO,
CON MOTIVO DO ACTO CONMEMORATIVO DA DECLARACIÓN COMO PATRIMONIO
MUNDIAL, CONCEDIDO POLA UNESCO, AOS CAMIÑOS DO NORTE**

Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

Sra. Alcadesa de Mondoñedo e Presidenta da Excma. Deputación de Lugo.

Sres. Alcaldes, representantes e amigos do Camiño Norte.

Sr. Bispo de Lugo, membros do Cabido mindoniense, sacerdotes, veciños de Mondoñedo, peregrinos e visitantes ocasionais desta cidade e da súa Catedral-Basílica...

Moitas grazas por estar aquí neste acto institucional con motivo da declaración da Unesco como Patrimonio Universal da Humanidade do Camiño Norte que inclúe o recoñecemento da nosa Catedral, como tamén o Camiño Primitivo inclúe o recoñecemento da Catedral de Lugo.

Moitas grazas evidentemente - así o manifestamos os membros do Cabildo mindoniense o pasado día dazasete - a todos os organismos, entidades e persoas particulares voluntarias que fixeron posible este recoñecemento.

Recoñecer universalmente o Camiño Norte non só supón poñer en valor esta zona norte da nosa Galicia coas súas paisaxes, as súas xentes, o seu patrimonio histórico, cultural e relixioso, descoñecidos para moita xente, senón que ofrece un estímulo para quen, rompendo a inercia e a rutina dun estilo de vida excesivamente marcado por unha sociedade na que prima o rendemento económico e o consumismo, quere encontrarse consigo mesmo e vivir a fondo unha experiencia existencial e mesmo relixiosa, sempre enriquecedora para a persoa.

Como nos acaba de dicir o papa Francisco na súa carta encíclica Laudato si': "Unha ecoloxía integral implica dedicar algo de tempo para recuperar a serena armonía coa creación, para reflexionar acerca do noso estilo de vida e os nosos ideais, para contemplar ó Creador, que vive entre nós e no que nos rodea" (nº 225).

Que o apóstolo Santiago, o "amigo do Señor", acompañe na súa peregrinaxe a cantos se animen a emprender o seu camiño por estas terras de San Rosendo. Que saiban que nos honran coa súa presenza e que serán ben acollidos no seu percorrido.

Moitas grazas a todos.

Antonio Rodríguez Basanta
Administrador Diocesano de Mondoñedo-Ferrol

Mondoñedo, 29 de xullo de 2015